# O NOSO VIVEIRO 2.0.

## Nº 3



Curso 2013-2014

# 4ºB EDUCACION INFANTIL



# GALECHISTEANDO

**CEIP. Raquel Camacho. NIVEL** INFANTIL

UN PEIXIÑO LLE PREGUNTA

A OUTRO:

QUE FAI O TEU PAPÁ?

E ESTE CONTESTA

**N A D A**

3 ANOS A



# O MAR

5ºB





O mar é marabilloso.
O mar é cortesía.
O mar é bonito.
O mar é alegría.





Nadando e bailando
van os peixes polo mar.
Cantando e tocando
van as estrelas de mar.





Os golfiños e peixes
xuntos nadan
e sen problemas
tamén bailan.





As gaivotas
sobre o mar intentan pescar
e coas súas crías
voan tranquiliñas.

O mar non ten fin,
e por iso...
este poema hei de seguir.

ELOY. 1ºB

# O MAR



UNAI 1ºB



Érase unha vez unha familia de focas.
Un día viñeron os tiburóns, pero se salvaron
Chegaron á illa das sereas
e despóis foron á illa dos golfiños
e despoés as sereas convir-tíronse en humanos
As focas e todos os animais mariños tamén foron felices.


LE LIBROS
SON MOI
DIVERTIDOS

# MARCANCIONEIRO

**NOME** UNAI **NIVEL** 1º B

# TÍTULO

A balea Elena
A balea Elena
era gorda e boa
nada polos mares
Como as sereas.
A balea Elena
cando era nena
tamén era gorda e era boa.




MORTOS
DEFUNTOS
SAMAÍN ABISAL

# REFRANEIRO MARIÑO

**NOME** Infantil

**NIVEL** 3 anos A

NORTE ESCURO, TEMPORAL SEGURO



# MARCANCIONEIRO

**NOME** Brenda Ferrer **NIVEL** 6°B

# TÍTULO

Meu amor é mariñeiro
e vive en alto mar.
Son os seus brazos o vento
ninguén os pode amarrar.

Meu amor é mariñeiro
e cando me vén a falar
pon un clavel nos labios
e no corazón un cantar.

Son libres como as aves
e pasa a vida a cantar.
Corazón que nace libre,
non se pode encadear.

Traigo un navío nas velas
nacín para navegar
Quen intente poñerme cadeas
Primeiro ha de matarme.

TANIA 1ºB . AMIGOS DO MAR






Claudia Vázquez
4ºA

# AS FLORES DA CHUVIA

# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Infantil

**NIVEL** 3 anos A

NAVEGAR CONTRA O VENTO

E PERDER O TEMPO



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME**

**NIVEL**

A SARDIÑA

POR SAN XOAN

MOLLA O PAN



# O CONCURSO

Hai uns meses participei nun concurso, chámase: Deseña unha xoia para a túa nai.
Cando me enterei de que quedei finalista, tiña que ir a Santiago de Compostela, podía invitar a algunas amigas..., dei un salto de alegría.
Tiven que ir a Santiago de Compostela, e quería invitar a moitas amigas pero só puiden invitar a unhas cuantas: miña curmá, miña irmá, Diana, Adela e Sabela, que tamén viñeron comer á miña casa.
Fomos a Santiago de Compostela, aínda que chovía moito. Fixéronnos fotos cos Bolechas que estaban alí e sentámonos nos bancos, pero antes déronnos uns diplomas e unha mochila co debuxo. Esperamos a que deran os premios, pero unha rapaza díxome antes que non estivese preocupada, que ela me daba o premio. Ademais a un xuíz caéuselle un papeliño onde poñían os gañadores e saía o meu nome.
Cando o dixeron púxenme nerviosa pero fun, déronme a xoia, e se o queredes saber, ocorréuseme debuxala porque quero a miña nai e collín a idea doutro colar de libélula que ten.
Este é o debuxo que fixen e a xoia que me deron:







ADRIANA ANTONIO COSTELA(4º A)

# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

NIVEL 4ºB

Sabedes por que o mar ten escuma?
Porque a sereíña chámase Ariel.



O MAR

CARLOTA MUIÑOS SAAVEDRA 5ºB



# MARCANCIONEIRO

NOME INFANIL NIVEL 3 ANOS A

## TÍTULO

OS PEIXIÑOS E AS PEIXIÑAS

Os peixiños e as peixiñas





andan, andan a nadar



e danlle bicos aos nenos





que se van bañar ao mar





Apalpador

# MARCANCIONEIRO

NOME INFANTIL NIVEL 3 ANOS A

## TÍTULO

OS PEIXIÑOS E AS PEIXIÑAS

Nada, nada a xarda



nada, nada a pescada



nada, nada o bacallao



e o polbo tamén nada.



# MARCANCIONEIRO

NOME INFANTIL NIVEL 3 ANOS A

# TÍTULO

## OS PEIXIÑOS E AS PEIXIÑAS

Por riba andan os muxes



por baixo andan as meigas



rifando coas robalizas



por andar atrás dos sargos.



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** UXÍE **NIVEL** 1ºA

Golfiños que moito saltan
vento traen e calma espantan



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Lucía R **NIVEL** 1ºA

Barco grande ande ou non ande
Onde hai patrón non manda mariñeiro



# XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014








DÍA DAS LETRAS GALEGAS
MANUEL MURGUÍA
2.000
17 MAIO
O Día das Letras Galegas celébrase dende o ano 1963 para resaltar a importancia da nosa lingua e dos libros escritos neste idioma.
CUNQUEIRO
1.991
NOVONEYRA
2.010
ROSALIA de CASTRO
1.963
A data do 17 de maio foi elixida por ser cando se publicou a obra "Cantares Galegos" de Rosalia de Castro e cada ano dedícase a un autor diferente.
CASTELAO
1.964
EDUARDO PONDAL
1.965
2.014
Xosé María
Díaz Castro
COMA UN RÍO
Coma un río quixera eu ser: canta
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.
Hai unha cousa clara coma o sol:
prós nosos ollos non está feita a lus
do mundo, o abrente frío que se abreu
cando abrimos os ollos sobre o mundo.
E eu coma a néboa sobre os outos montes
que lles cobre a ferez e mailas bágoas;
e eu coma a estrela que entra polo oco
do lousado do pobre na agonía.
Hai unha cousa clara coma a lus:
que non é pra nós a música do mundo,
a promesa raiante da hora enorme
en que se dixo: ¡outro home veu ó mundo!
DÍAZ CASTRO EN DEZ PALABRAS
1 CONCHADA
2 VILARES
3 MADRID
4 BURIZ
5 FRANCES
6 GALEGA
7 NIMBOS
8 GUITIRIZ
9 PROGRESO
10 MONDOÑEDO
HORIZONTAIS
1.- Nome da escola construída nos Vilares polos emigrantes en Cuba.
2.- Nome do lugar onde naceu.
3.- Cidade na que traballou de tradutor de idiomas.
4.- Nome da escola onde fixo os seus primeiros estudos.
5.- Un dos idiomas do que era tradutor.
6.- Lingua na que publicou o seu único libro de poemas.
7.- Título do seu libro editado en 1961.
8.- Concello lugués no que naceu.
9.- Xornal no que publicou os seus primeiros versos.
10.- Localidade na que está o Seminario no que estudou de mozo.
COMA UNHA ESCADA
Lémbrome ben do vento que cantara
no fío da túa morte, meu amigo,
dos doces días que arrastrou o vento,
da derradeira pomba da esperanza.
Naceu en Gútiriz (Lugo) nunha familia labrega. Traballou no ensino e como tradutor xa que coñecía moitos idiomas.
PENÉLOPE
Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.
Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono moi coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar chuva.
Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.
Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!
En 1926, con doce anos de idade, acada o primeiro premio dun concurso de narración na localidade de Betanzos.
É autor dun único libro de poemas en lingua galega <<Nimbos>> editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano: a vida, a morte e o paso do tempo.
POLPA DORIDA
¡Ei, Terra Verde e Mar de Orballo
polpa dorida se as hai!
¡Ás túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ó caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!

# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

NIVEL 4ºA

Na comisaría:

-Entón di que a agresión foi con arma branca...

-Si, señor comisario. Zoupáronme cunha botella de leite.

Zoé



O mar



Ola, son Mariña
Convídote á miña casa
Presentovos ao meu pai, o Rei dos Mares.
Estes son os meus amigos!
Que argalleiros!!
Este é o meu xardín!
Que fermoso!!
Oh! Non! Non pode ser! FÓRA DOS MARES!!
CONTAMINACIÓN
RESPECTA A NOSA CASA!!

Vaia vida máis triste




18-06-2014


O
MECO
ORDEA ...
O VENRES
SE TI VES,

# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Laura Miras **NIVEL** 2º B

A barco novo, capitán vello



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Diana **NIVEL** 4º B

Quen queira comer percebes que vaia mollar os pés por eles



# MARCANCIONEIRO

**NOME** Aitana Tarey **NIVEL** 4 anos B

# TÍTULO

Polo fondo do mar

Polo fondo do mar
matarile, rile
polo fondo do mar
matarile, rile, ron
vai voando unha sardiña
matarile, rile, rile
e nadando un avión
matarile, rile, ron.



# SEGUNDO MERCADILLO SOLIDARIO NO CEIP RAQUEL CAMACHO.

**Neste curso 2.013-14 o alumnado do terceiro ciclo de educación primaria organizou o segundo mercadillo solidario no colexio. Recordar que esta causa solidaria, que implicou a toda a comunidade educativa, ía destinada a recoller fondos para a construcción dun pozo en Guinea-Bissau, a través da ONG coruñesa "Miradas al Mundo".**

**Os días 25, 26 e 27 de febreiro foi pasando polo ximnasio do centro todo o alumnado para facer as súas compras máis solidarias. Recaudamos en total nestes dous cursos 1.572,60 €.**

**María, da ONG coruñesa "Miradas al Mundo" informounos xa do seu destino: a aldea de Priams, en Guinea-Bissau, onde viven uns 900 veciños que teñen unha cooperativa cunha horta comunitaria. Teñen un so pozo que na época seca queda sen auga, polo que necesitan outro pozo para sacar adiante ese proxecto no que participan homes, mulleres e nenos e que lles proporciona alimento.**

**Recibimos con moita ilusión esta nova, xa que o noso esforzo se ve recompensado ao pensar sobre todo nos nen@s desa aldea.**

**MOITÍSIMAS GRAZAS A TOD@S!!**






# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Irene **NIVEL** 4 anos B



A auga de outono
mata o seu dono.
A chuvia de Santiago
trae o millo o agro.

# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Uxía S. **NIVEL** 4 anos B



Abril abrileiro, auga
na cara e no leiro.

# Certamiño Poético

**Nome:** Diego Lueiro Cabelo **Nivel:** 6.º B

Ese lugar ao que chamamos mar,
onde no verán nos imos mergullar.
Que che vou contar que non sepas
do mar...
Ese lugar que todo o mundo
ten que visitar
e que coa súa fermosura
vaite namorar.



# Certamiño Poético

**Nome:** Nathan Mariñas Pose **Nivel:** 6.º B

Onde hai un barco
hai un mariñeiro
Onde hai un gran mariñeiro
hai grandes ondas.
Onde hai grandes ondas
hai enormes peixes.



# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

**NIVEL** 4ºB

Van nun barco un galego e un inglés
Cando o inglés cae ao mar e berra:
Help ¡¡¡ Help ¡¡¡
O galego contéstalle:
Non teño "gel", pero si queres bóto che champú



# O MAR




CANDELA 1ºA

# SAÍDA RÍO MERO

O 9 de abril os rapaces e rapazas de 4ºA e 4ºB fomos ao río Mero.
Cando chegamos facía moito frío porque era cedo e aínda había néboa.
Comezamos xunto as comportas do encoro de Cecebre e fomos pola beira do río vendo diferentes plantas.
Pouco a pouco foi desaparecendo a néboa e comezou a ir calor. Entón paramos á sombra para comer e beber algo.
Alí atopamos unha das primeiras libélulas e vimos unhas aguias voando, para iso foronnos moi útiles os prismáticos que nos deixaron os monitores.
Despois seguimos ata un muíño antigo e no camiño puidemos ver un esquío saltando de árbore en árbore.
Xa case ao final, chegamos a un lugar do río cheo de cunchas.
Encantounos esta excursión e esperamos poder repetila algún día.


adidas

# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

NIVEL 4º B

## SABES QUE MAR É...

...O máis duro?

-O mar telo

...O máis esgotador?

-A mar atón

...O máis rico?

-O mar ques



Título: A excursión de fin de curso.




Nombre: Candela Fandiño Pérez Clase: 6ºB

# MARCANCIONEIRO

**NOME** Mariama **NIVEL** 6º

# TÍTULO

Estando na ermida ante o altar
e cercáronme as ondas grandes do m
i eu atendendo o meu amigo
eu atendendo o meu amigo.
E cercáronme as ondas, que grandes son:
non hei barqueiro nen remador,
i eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo.
E cercáronme as ondas do alto mar
non hei barqueiro nen remador,
i eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo.


XARDA
TROITA
LAMPREA
SALMÓN
ROBALIZA
PESCADA
XOUBA
SARDIÑA
OLLOMOL
SANMARTIÑO
ESCACHO
RODABALLO
MEIGA
MARAGOTA
POLBO
AMEIXAS
CIGALAS

# MARCANCIONEIRO

**NOME** LUCIA REY **NIVEL** 1º3

# TÍTULO

No mar hai moitos peixes

No mar hai moitos peixes
nadando sen parar
nadando cara adiante
nadando cara atrás
hai peixes pequeniños
que acaban de nacer
e hai peixes máis grandes
que os queren comer.



A abella e o seu fillo




MATEO 3ºA

# A MIÑA SAÍDA PREFERIDA.

*Polos alumn@s de 6º B.*

"A saída que máis me gustou foi a da semana pasada ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT).

Ese día non tivemos clase, saímos as 9:30 e fomos camiñando todos os nen@s de sexto coas mestras Ángeles e Mª Carmen. Non tivemos que andar moito, pero foi moi divertido ir e volver todos xuntos.

Ao chegar ao museo leváronnos a ver a cabina do avión máis grande do mundo. Era enorme…

Despois camiñamos ata unha sala onde nos ensinaron como se facían os debuxos animados, con moitos debuxos que poñían en movemento.

A continuación presentáronnos a dous robots que falaban…"

Carolina Pereiro Ferro.

"A miña saída favorita foi un taller de Repsol, *xogando con polímeros,* na Domus.

Fomos en autobús ata alí e tivemos que subir unha costa para chegar á porta de entrada. Unha vez dentro acompañáronnos ata o laboratorio.

Xa todos dentro e sentados, tivemos que poñer unha bata e uns guantes para experimentar cos polímeros.

Unha rapaza explicounos todo sobre o petróleo e os seus derivados…

Rematamos o taller facendo unha masa, que parecía un chicle, de cores distintas, xa que cada mesa de traballo tiña un colorante diferente…

Foi moi divertido!"

Brenda Ferrer Alvarellos.

# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Miguel **NIVEL** 4ºA

· Con vento de popa e pouco andar, o barco hase de atravesar.



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Adriana **NIVEL** 4ºA

Se o mar fose viño todo o mundo sería mariño.



# Certamiño Poético

**Nome:** Jenifer González Sousa **Nivel:** 6.ºB

Traguei xa
demasiada auga salgada
non son nada para o mundo
o mundo para min non é nada
Comprendín isto
unha noite no mar
na beira dun risco.
Coma un vello mariñeiro
a miña alma
ao océano chegará
ou é o mar
o que me quere afogar?.



# Certamiño Poético

**Nome:** Andrea Vázquez Astray **Nivel:** 6.ºB

O mar e as ondas
arrastrando están as algas
e algunhas cousas máis.
O mar cubrindo está as rochas
Elas intentando descubrirse
para a area poder tocar
As algas por fin na area
tranquilas descansan xa
para despois volver a comenzar.



O PEIXE E O PAXARO — Zoé — 5°B



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Raquel **NIVEL** 2ºA



As estrelas a brillar
mariñeiros ao mar.

Golfiños que moito saltan,
vento traen e calmas espantan.



# REFRANEIROMARIÑO

**NOME** Yago Agra Temprano **NIVEL** 2ºA

Da mar o mero,
da terra o carneiro.





1ºB

LEO



Os piratas van navegando
atocan outro barco e lle roubano tesouro
Os piratas encontranse cunha balea
Os piratas encontranse cun polbo
e os golfiños acompáñanos
e os piratas esconden a tesouro

# MARCANCIONEIRO

**NOME** NOA **NIVEL** 1ºB

## TÍTULO

~ Os Peixes ~

No mar hai moitos peixes
nadando sen parar
nadando cara adiante
nadando cara atrás
hai peixes pequeniños
que acaban de nacer
e hai peixes moi grandes
que os queren comer.




As amigas fóronse de pesca
Amiga queres ir pescar?
Agora?, Si! Só que non sei
Non te preocupés aprenderas
Eu non pesco nada e ti?
Eu tampouco
Que vos pasa?
Papá non pescamos nada
Non pesco nada mañá iremos pescar
Si, gracias
Vedes como pescamos
Si
Ñam
Ñam
Ñam
Xa temos cea!
Ñam
Ñam
Ñam
Ñam
Está moi bo

# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

**NIVEL** 4º A

Un home sobe a un taxi e dille ó taxista:

– Ó centro da cidade por favor.

Cando chegan pregúntalle:

– ¿Canto lle debo?

– 6 euros.

O cliente dálle só tres.

– Díxenlle que son 6.

– ¿E logo vostede non vai canda min?

Nadia Candal Freire





# GALECHISTEANDO

CEIP. Raquel Camacho

NIVEL INFANTIL 3 ANOS A

SABES POR QUE OS PEIXES NON VAN A ESCOLA ?

PORQUE SE LLES MOLLARÍAN OS LIBROS.



# GALECHISTEANDO

## CEIP. Raquel Camacho

**NIVEL** 4º B

Xa vexo que tí tamén te puxeches un piercing...




Curso 2013-2014
Ceip Raquel Camacho
6º Ed. Infantil
A Coruña
Ainara
Andrea
Bruno
Damián
Daniel
Digna
Edurne
Elisabeth
Enaitz
Eric
Iago
Iván
Leonardo
Luis
Mamadou
Miguel
Nerea
Mirian
Nicolás
Noa Brea
Noa Torres
Olga
Ángela
Paula
Xiana
Carmela
Pili
Rosa
Ángeles
Carmen Ouro
Azucena
Mª Carmen
Carmen Garro


Curso 2013-2014
Ceip Raquel Camacho
6º Ed. Infantil
A Coruña
Ángela
Ainhoa
Amanda
Daniel F.
Daniel S.
Dairus Nicolás
Gabriel
Isabel
Kendry
Leila
Lorenzo
Meliza
Natalia
Nicolás
Noa
Raquel D.
Raquel G.
Roi
Sabela
Sheyla
Yaiza
Yerai
Ángela
Sandra
Yomara
Zhi Tong
Carmela
Pili
Rosa
Susi
Carmen Ouro
Azucena
Mª Carmen
Carmen Garro

# Colexio de Educación Infantil e Primaria

6º de Primaria

# "Raquel Camacho"

Curso 2013-2014



ANTELO CAMBEIRO FLORINDA | RODRÍGUEZ MACHADO EDUARDO | OURO SOUZA Mª CARMEN | BARREIRO RIAL MARÍA | TERESA MARIA GONZÁLEZ PÉREZ. | FERNÁNDEZ SECO MARÍA DEL CARMEN | ROCA LODEIRO ÁNGELES



BAAMONDE HERNÁNDEZ SOFÍA | BECEIRA FREIRE PABLO | BERADZE LUKA | BLANCO SANMARTÍN DIEGO | BOUZAS NEIRA GISSELA | CAMBEIRO GRILLE SARA | CANEDO MEDINA NEREA | CARRACEDO PENA ELENA | CASCALLAR MOUZO ANDREA | DEL RÍO QUNTELA ALEN | DÍALLO GONZÁLEZ MAIMOUNA | ESCUDERO ESCUDERO BEATRIZ | ESCUDERO ESCUDERO JESÚS ANTONIO



ESTEVEZ RODRÍGUEZ BRAIS | FANDIÑO PÉREZ CANDELA | FERNÁNDEZ BEDIOLA OSCAR | FERRER ALVARELLOS BRENDA | GARCÍA RABUÑAL ADRIÁN | GONZÁLEZ REY JOSÉ ALBERTO | GONZÁLEZ SEOANE NOA | GONZÁLEZ SOUSA JENNIFER | GOYANES QUELLE DANIEL | GRANADOS SANDOVAL MIJAEL GIM | GULLÍN LEMOS SARA | HERNÁNDEZ CAMACHO EMILIO



JIMÉNEZ CASTILLO ALBANIA | LUEIRO COBELO DIEGO | MAQUIEL ÁLVAREZ ROMINA | MARIÑAS POSE NATHAN | MARTÍNEZ CORREA OSMARLÍN ALBERTO | MEJÍA GONZÁLEZ ALEJANDRO | MÉNDEZ SAN MATÍAS ALEJANDRO | MUÑIZ COELLO ADRIÁN | NOTTARO SÁNCHEZ ISABELLA | PANOZO JHOVANA | PEREIRO FERRO ADRIANA | PERREIRO FERRO CAROLINA | RÍOS DOMÍNGUEZ SANTIAGO



RIPOLL BURGELL MARÍA VALENTINA | RODRÍGUEZ PÁJARO TANIA | ROMEO CANCELO PABLO | SANTOS LAGE ADRIÁN | SANTOS VALES BREOGAN | SAR ALVITE ADRIANA | SARR MARIAMA | SIERRA MELLA ANDREA | TRUCIOS HERRERA GULIA NAOMI | VALEIRO VIDAL CARLA | VÁZQUEZ ASTRAY ANDREA | VEIRAS HERNÁNDEZ ANDRÉS

# A Coruña

# DESPEDIDA DO COLEXIO.

Polos alumn@s de 6º B.

"Estiven 8 anos neste colexio. Fixen moitos amig@s e paseino moi ben. Loxixamente houbo algún pique entre nós xogando ao fútbol, pero o intentamos solucionar deportivamente…"

Alberto.

"Durante os anos que pasei aquí houbo moitas actividades, xa fosen extraescolares ou non, nas que o pasei moi ben rodeada dos meus profes, compañeiros e amigos… En especial gustábame moito o Antroido, sobre todo estos dous últimos cursos nos que alumnos e profesores nos manchamos de fariña ou carbón…

Aínda que non todo foi diversión, tamén tiñamos que atender aos profes, facer os deberes e estudar moito para pasar de curso. Vou estrañar ao profesorado e este centro, que espero visitar moitas veces."

Elena.

"…Este ano remato no cole e dame pena ter que cambiar de profesores e de amigos. Tamén me asusta pasar ao instituto porque todo o mundo di que é moi difícil…"

Carol.

"Estes anos no colexio foron os mellores. Deume tempo a estudar, xogar, falar, cantar, rir, enfadarme,…, a todo! …

Portádevos ben e procurade que sobre todo aos nenos novos lles sexa máis fácil adaptarse ao cole… Prometédeme que o faredes!

Bicos moi grandes a tod@s".

Gissela.

# AGRADECEMENTO E LEMBRANZAS

Este ano a nosa lembranza ten moito peso nesta revista, xa que **EVA COLLAZO** foi a impulsora da realización da mesma. Persoa comprometida coa nosa lingua e a nosa cultura, cos alumn@s, cos compañeir@s, persoa que nos agasallaba cada mañá cun sorriso, chea de ledicia e paz.

A comunidade educativa do CEIP Raquel Camacho deséxache que leves unha vida moi xubilosa nesta nova andaina.








na fronte
unha
estrela
no bico
un cantar

# O NOSO VIVEIRO 2.0. - Nº 3

**XUÑO 2014**




**CEIP Raquel Camacho**

**( A Coruña)**